




MEMORIA DE ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN AMICO.

ANO 2022



O presente documento contén a memoria de actividades da asociación AMICO durante o ano 2022.

AMICO é unha asociación sen ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional e apartidista creada ao abeiro da Lei orgánica de asociacións.

Constituíse no ano 1992 polo interese xeral dun grupo de persoas coñecedoras das necesidades e demandas das persoas con discapacidade veciñas para darlle resposta ás mesmas.

- Inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co nº:1992/002968-1 AC;
- Inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Santiago de Compostela co nº: 222.
- Inscrita no Rexistro de entidades de acción voluntaria co nº: O-266
- Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co nº: E – 290.
- Inscrita no Rexistro de Voluntariado da Xunta de Galicia co nº: 0 – 266.
- Integrada na Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade COGAMI CORUÑA dende o 25/01/1997 e posterior ratificación da mesma o 06/04/2011.

LIÑAS DE TRABAJO ANUAL:


1. FORTALECEMENTO DA ENTIDADE
2. FOAXE-P/2022: SERVIZO DE REHABILITACIÓN XII
3. INFORMACIÓN E ASESORAMENTO
4. ACTIVIDADES REIVINDICATIVAS E COLABORATIVAS
5. PROMOCIÓN DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN ACTIVA

Vaia por diante, o noso agradecemento á todas as persoas e entidades que contribuíron á que esta pequena asociación continúe a súa andaina, En particular, ás persoas asociadas e ás persoas participantes nos programas e actividades.

Temos o convencemento de que a través do movemento asociativo podemos chegar a alcanzar a nosa misión.

INFORMACIÓN ECONÓMICA, ENTIDADES COLABORADORAS E AGRADECIMENTOS.

FORTALECIMENTO DA ENTIDADE



Ao longo do ano dende a Dirección da entidade, leváronse a cabo actuacións dirixidas á fortalecer a entidade, que pasa por manter o seu funcionamento dende a perspectiva legal e administrativa, pero tamén á súa contribución ao movemento asociativo en aras de alcanzar a misión e fins da asociación.

Recibiuse principalmente para este cometido, o apoio de COGAMI e da Federación COGAMI Coruña, tanto a nivel técnico, económico e organizativo.

Asentáronse as bases para impulsar nos próximos meses, a Campaña de captación de novas persoas asociadas: difusión da entidade entre as organizacións membro e resto de instancias da contorna.

FOAXE-P/2022: SERVIZO DE REHABILITACIÓN XII

Un ano mais, co apoio da Deputación de A Coruña, a través da convocatoria de subvencións para o mantemento de actividades de servizos sociais, baixo o procedemento FOAXE-P/2022, de Xaneiro a Decembro, facilitouse o acceso a tratamentos regulares de rehabilitación, a un prezo mais axustado (10 € / 18 € / 25 €). Estableceuse o límite de 1 sesión por cada tipo de terapia por semana ao verse reducido o importe da concesión.

| Nº SESIÓNS CONSUMIDAS | | | SESIÓNS GRUPAIS | HORAS DE ATENCIÓN |
|-----------------------|---------------------|-----------|---|---|
| FISIOTERAPIA | TERAPIA OCUPACIONAL | LOGOPEDIA | XIMNASIA ADAPTADA E/OU PILATES MÁQUINA ADAPTADA A PERSOAS USUARIAS DE CADEIRADE RODAS | ASISTENCIA PERSOAL E/OU APOIO ÁS PERSOAS PARTICIPANTES EN ACTIVIDADE GRUPAL |
| 357 | 132 | 54 | Habitualmente, martes laborais de 16:30 a 18:00 horas. | 65 |

Persoas beneficiarias:

SESIÓNS INDIVIDUAIS:

- FISIOTERAPIA: 18 participantes (8 mulleres e 10 homes)
- TERAPIA OCUPACIONAL: 8 participantes (4 mulleres e 4 homes)
- LOGOPEDIA: 5 participantes (2 mulleres e 3 homes)

SESIÓNS GRUPAIS:

- XIMNASIA ADAPTADA: 4 persoas (1 muller e 3 homes)
- PILATES MAQUINA ADAPTADO: 8 participantes (3 mulleres e 5 homes)

| Nº PERSOAS PARTICIPANTES TOTAL | Nº DE MENORES DE IDADE | CARACTERÍSTICAS DESTACADAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES (MEDIAS) | CONCELLOS DE PROCEDENCIA |
|--------------------------------|------------------------|--|--------------------------|
| 29 (15 mulleres e 14 homes) | 5 (1 nena e 4 nenos) | · Discapacidade física e/ou Mixta con física (27 persoas) | · Ames (2 persoas) |
| | | · Enfermidade mental (1 persoa) | · Rianxo (1 persoa) |
| | | · Usuarias de cadeira de rodas (14 persoas) | · Rois (1 persoa) |
| | | · Acreditan mobilidade reducida e/ou dificultades de uso transportes públicos (17 persoas) | · Santiago (25 persoas) |
| | | · Acreditan precisar axuda para as AVD e/ou de 3ª persoa (14 persoas) | |
| | | · Hai 8 persoas que combina asistencia á varias terapias semanais. | |

O programa contou con **SERVIZO DE ACOMPAÑAMENTO E ASISTENCIA PERSOAL** para as persoas con discapacidade participantes nas actividades grupais.


Ao longo do ano, desenvóléronse diversas actividades de divulgación do programa e difusión, actuacións de coordinación e avaliación do programa.

Este programa contou con financiación pública procedente da Deputación de A Coruña por importe de **8.072,25 €**

- Concesión provisional: Anuncio publicado no [BOP do 20/05/2022](#) .
- Concesión definitiva: Anuncio publicado no [BOP do 15/06/2022](#) .

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Continuouse ofrecendo información ás persoas con discapacidade asociadas, así como ao resto de persoas e entidades que contactaron coa organización atendendo ás peticións concretas de diversa temática, dando resposta con medios propios ou canalizando cara profesionais especializados cando é preciso.



A maioría de correos recibidos contiña información xeral recibida de entidades afíns como a prensa de COGAMI, as circulares da Federación COGAMI Coruña, e mais información remitida por parte da Deputación de A Coruña, a Fundación ONCE, e outras asociacións de pacientes.

- Deuse resposta as consultas expresamente recibidas na entidade e que permitiron atender ás demandas de persoas asociadas así como de outras persoas e entidades que contactaron con AMICO, sendo derivada á entidades alguna delas.
- Remitiuse información xeral de interese ás persoas asociadas e colaboradoras.

ACTIVIDADES REIVINDICATIVAS E COLABORATIVAS

Impulsouse novamente o uso e promoción de aplicacións que favorecen á a identificación de barreiras e incidencias de accesibilidade na nosa contorna, como a **AppAccesibilidapp; a App Liña Verde ou APP Park4dis.**

Trasladouse as queixas recibidas na entidade, como as seguintes:

- Falta de accesibilidade nas obras de arranxo diante da Facultade de Económicas, en Santiago (decembro), ou comunicacións sobre as incidencias de accesibilidade recibidas (28/03/2022)
- Comunicacións á Oficina de Atención á Cidadanía Concello de Santiago de Compostela, relativo á parques e xardíns con aseos públicos adaptados a persoas usuarias de cadeira de rodas(maio); Ordenanza de circulación (xuño); coñecer rutas accesibles á persoas con mobilidade reducida (febreiro)
- Comunicación sobre as axudas individuais de taxi adaptado, así como a necesidade de adecuar as prazas reservadas PMR e/ou habilitar nova praza reservada de estacionamento na zona Conxo (17/02/2022).

Petición de adecuación de prazas presentada o 25/02/2022.

Remitíronse achegas á Nova Axenda Urbana en Santiago de Compostela, con un documento elaborado , á empresa que tiña contratada o Concello, para esta tarefa: SISEL GALICIA.

| | |
|---|-------------------------------|
| <p>- Solicitud de información sobre acceso de vehículos de persoas titulares de tarxeta de estacionamento a zonas con tráfico de vehículos restrinidos, a través do Rexistro Electrónico con número de rexistro REGAGE22e00026203660 (2022-06-23)</p> | <p>2022-06-23 18:0</p> |
|---|-------------------------------|

Continuamos coa colaboración con COGAMI de cara a promover a participación das persoas asociadas na mellora da contorna, e para iso realizamos consultas abertas para identificar os puntos menos accesibles e prioritarios na cidade de Santiago.

Colaboración con campañas reivindicativas de entidades afíns, etc.. (COCEMFE, OUTRAS que se foron recibindo, etc..)

PROMOCIÓN DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN ACTIVA

II FEIRA DA SAÚDE

Este ano repetimos en Bertamiráns con motivo da Semana da Saúde, e **participouse cun stand** na II Feira da Saúde o sábado 23 de abril de 2022, <https://www.concellodeames.gal/gl/eventos/ii-feira-da-saude-e-ben-estar> Elaborouse para esta actividade unha **presentación para difusión da entidade e dos programas** que se desenvolven, adquiriuse un material para difusión.

DIFUSIÓN PROGRAMA BALNEARIO

A través da FEDERACIÓN COGAMI Coruña difundíuse o Programa de Balnearios, resultado beneficiarias 4 persoas de AMICO.

XORNADA MULTIDEPORTIVA DÍA DE DECATHLON

Participouse na Xornada Multideportiva do Día de Decathlon, no que participaron algunhas persoas socias de AMICO.

COLABORACIÓN CON ALUMNADO UNIVERSITARIO

Neste ano 2022, a través de AMICO, colaborouse con estudantado Universitario: Destacou o interese de tres grupos de estudantes da Facultade de Xornalismo que escolleron AMICO Para abordar os traballos de varias asignaturas, un deles referido á difusión das entidades e outros referidos á accesibilidade no Concello de Santiago en relación á mobilidade e outro xa mais específico respecto do lecer nocturno e persoas con discapacidade.

PROMOCIÓN ACTIVIDADE FÍSICA SOLIDARIA

Difundiuse información sobre a Andaina contra a Violencia de xénero da Xunta de Galicia que tivo lugar o 20 de novembro de 2022 e a Carreira da Muller de Central Lechera Asturiana en A Coruña do 25 de setembro de 2022.

IDENTIFICACIÓN DE LOCAIS ACCESIBLES RESTAURACIÓN EN SANTIAGO

Realizouse unha procura de locais de restauración accesible a fin de dar resposta á unha consulta formulada por un grupo asociativo interesado en xuntarse en Santiago.

VÍDEO CORPORATIVO COGAMI

Facilitamos á participación de persoas socias de AMICO no Vídeo corporativo de COGAMI con motivo da presentación "**SOMOS COGAMI**" <https://www.youtube.com/watch?v=H2M2usiI-is>

CAMPAÑA DE DIFUSIÓN

Na Campaña de Difusión este ano 2022, tivemos presenza en:

- Web COGAMI:

<https://www.cogami.gal/axenda/movemento-asociativo/amico-convoca-a-todas-as-persoas-socias-a-participar-nas-assembleas-xerais/>

<https://www.cogami.gal/axenda/movemento-asociativo/amico-convoca-a-todas-as-persoas-socias-a-participar-nas-assembleas-xerais/>

https://www.cogami.gal/difusion/sala-de-prensa/novas/o-programa-de-rehabilitacion-de-amico-incorpora-logopedia-e-pilates-con-maquinas/?fbclid=IwAR2uSk3iXFY_7zxc2TXDLgpKRY8LABxipBJ_u3iQtU-R_sClxhPMzZuPGI

<https://www.facebook.com/cogamigalicia/posts/pfbid02RXz7QBByNddWkqpSvLz2NXfXYBxoRvpKMzM9Epr4bRbLLSzzLD2EFFcXX6wts5BI>

https://twitter.com/COGAMI_Galicia/status/1545376801546969088

- Páxina Facebook: Asociacion Amico. <https://www.facebook.com/profile.php?id=100064893242093>
- Portal web Amico: www.amico.es
- Difusión interna Grupo Whatsapp Amico.

INFORMACIÓN ECONÓMICA, ENTIDADES COLABORADORAS E AGRADECIMENTOS.

Financiación pública.

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA – PROGRAMA FOAXE-P/2022 . Cod. Exp.: 2022000010048, resolveu o 15/06/2022 favorablemente a concesión a esta entidade de Subvención 8.072,25 €, para desenvolver o proxecto ED-3 Programas de rehabilitación. "SERVIZO DE REHABILITACIÓN XII", durante o ano 2022.

Financiación privada.

COTAS DE PERSOAS SOCIAS.

COTAS DE PERSOAS BENEFICIARIAS E PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE REHABILITACIÓN.

DOAZÓNS.

Balance de Situación

Empresa 00007 - AMICO

Página

1

Fecha listado

29/03/2023

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

| ACTIVO | | 2022 |
|--|--------------------------------|-------------|
| A) ACTIVO NON CORRENTE | | 74,03 |
| III. Inmobilitado material | | 74,03 |
| 214 | UTILLAXE | 134,90 |
| 217 | EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFOR | 1.241,27 |
| 281 | AMORT. ACUM. INMOV. MATERIAL | -1.302,14 |
| B) ACTIVO CORRENTE | | 10.309,87 |
| II. Usuarios e outros debedores da act.propia | | 1.292,00 |
| 447 | USUARIOS, DEBEDORES | 1.262,00 |
| 448 | PATROCINADORES, AFILIADOS E OU | 30,00 |
| III. Debedores comerciais e outras ctas.a cobrar | | 8.072,25 |
| 470 | HP, DEUDORA DIVERSOS CONCEPTOS | 8.072,25 |
| VI. Periodificacións a curto prazo | | 165,72 |
| 480 | GASTOS ANTICIPADOS | 165,72 |
| VII. Efectivo outros activos líquidos equivalen | | 779,90 |
| 572 | BCOS E INS.CRÉD. C/C VIS.,EURO | 779,90 |
| TOTAL ACTIVO (A + B) | | 10.383,90 |

Balance de Situación

Empresa 00007 - AMICO

Página

2

Fecha listado

29/03/2023

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

| PASIVO | | 2022 |
|---|--|-------------|
| A) PATRIMONIO NETO | | 3.641,34 |
| A-1) Fondos propios | | 3.641,34 |
| I. Dotación Fundacional/Fondo social | | 5.810,78 |
| 1. Dotación fundacional/Fondo social | | 5.810,78 |
| 101 FONDO SOCIAL | | 5.810,78 |
| II. Reservas | | -1.275,61 |
| 113 RESERVAS VOLUNTARIAS | | -1.275,61 |
| III. Excedentes de ejercicios anteriores | | -240,51 |
| 121 RDOS NEGATIVOS EXS. ANTERIORES | | -240,51 |
| IV. Excedente do exercicio | | -653,32 |
| A-3) Subvencións,doazóns legados recibidos | | |
| C) PASIVO CORRENTE | | 6.742,56 |
| II. Débedas a curto prazo | | 45,00 |
| 3. Outras débedas a curto prazo | | 45,00 |
| 523 PROVEEDORES INMOVILIZADO A CP | | 45,00 |
| III. Débedas con ent.grupo e asoc.curto prazo | | 4.000,00 |
| 552 CTA CTE.OTRAS PERS.Y ENT. VIN. | | 4.000,00 |
| V. Acredores comerciais e outras ctas.a pagar | | 2.697,56 |
| 1. Provedores | | 86,40 |
| 403 PROVEEDORES, EMPRESAS DEL GRU | | 86,40 |
| 2. Outros acredores | | 2.611,16 |
| 410 ACREEDORES POR PRESTACIONES DE | | 1.924,91 |
| 475 HP, ACREED. CONCEPTOS FISCALES | | 686,25 |
| TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C) | | 10.383,90 |

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00007 - AMICO

Página

1

Fecha listado

29/03/2023

Período

De Enero a Diciembre

Observaciones

2022

| | | |
|---|--------------------------------|----------------|
| 1. Ingresos da actividade propia | | 19.465,75 |
| a) Cotas de asociados e afiliados | | 550,00 |
| 720 | COTAS ASOCIADOS E AFILIADOS | 550,00 |
| b) Aportacións de usuarios | | 10.693,50 |
| 721 | COTAS USUARIOS | 10.693,50 |
| d) Subvs,doaz. e leg. imput. a rdos exerc. | | 8.222,25 |
| 740 | SUBV.,DONA. Y LEGADOS EXPLOTA. | 8.072,25 |
| 747 | OTR. SUBV.,DONA.TRANSF.RTDO EJ | 150,00 |
| 6. Aprovisionamentos | | -2.151,00 |
| 607 | TRABALLOS REALIZ.OTRAS ENTID. | -2.151,00 |
| 9. Outros gastos da actividade | | -17.917,45 |
| 621 | ALUGUERES E CANONS | -54,90 |
| 622 | REPARACIONES E CONSERVACIÓN | -339,77 |
| 623 | SERVIZOS PROFESION.INDEPENDENT | -16.985,00 |
| 625 | PRIMAS DE SEGUROS | -211,14 |
| 626 | SERVIZOS BANCARIOS E SIMILARES | -31,05 |
| 627 | PUBLICID., PROPAGANDA Y RR.PP. | -98,74 |
| 628 | SUMINISTROS | -128,13 |
| 629 | OUTROS SERVICIOS | -29,15 |
| 631 | OUTROS TRIBUTOS | -39,57 |
| 10. Amortización do inmovilizado | | -50,62 |
| 681 | AMORTIZACION DO INMOVILIZADO | -50,62 |
| A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE | | -653,32 |
| A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS | | -653,32 |
| A.4) VARIACIÓN DE PATRIMON NETO RECOÑECIDO N | | -653,32 |